


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

1 de abril do 2021

XOVES SANTO NA CENA DO SEÑOR



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19




1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa)

Nota: para esta celebración imos necesitar ter preparadas unhas cantas cousiñas:

1º Imos ter recortadas en papel unhas siluetas das mans (alomenos tantas como persoas estamos na casa). Chegará un momento na celebración no que as teremos que poñer enriba da mesa



2º Imos ter algo para logo poder escribir nas mans recortadas



SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta oración. Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Xuntámonos esta tardiña para sentir o amor de Deus, que é unha fartura para con todas as persoas, por iso estamos alegres. A presenza de Xesús é viva e cercana neste momento, aínda que sentimos a dor polo que estamos a vivir neste tempo de pandemia e que dificulta a nosa participación nas celebracións, porque queremos ser responsables de nós mesmos e dos demais.

Na súa despedida, Xesús non lle deixou aos seus discípulos un catálogo de normas que resumisen o que debían crer, tampouco lles deixou un código das cousas que debían practicarse, nin lles deixou, tan sequera, unha determinada organización da igrexa.

O que si lles deixou ao discípulos, e nos deixa a nós, é un sinxelo xesto como memorial da súa vida (compartir na mesa pan e viño), e tamén deixou un xeito de vivir (amándonos uns a outros coma irmáns).

Por iso a importancia de estar agora arredor desta mesa na que celebraremos o seu memorial e mandato novo. Hoxe esta é a cea de Xesús, e nós os seus convidados.

Se se quere pode cantarse

CANTO 🎵 **Unha xuntanza de amor**


ACTO PENITENCIAL

Celebrante *A vida de Xesús dinos que vale a pena compartir con El e con todas as persoas de ben, pero non sempre o facemos, por iso pedimos perdón e pedímoslle a Deus que nos dea unha man.*

Monitor/a

- ✓ Porque sempre buscamos escusas para non compartir cos demais a nosa vida, para non implicarnos de verdade e ser responsables. Señor, téndenos a túa man
- ✓ Porque sempre buscamos escusas para non sentar con todos na mesa da vida, e son moitas as persoas rexeitadas e esquecidas. Cristo, téndenos a túa man
- ✓ Porque sempre buscamos escusas para non entregarnos para todos, e facemos diferenzas con quen pensa, vive e cre diferente. Señor, téndenos a túa man

Celebrante *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos homes e mulleres que se senten sós, enfermos, abrumados polas circunstancias da pandemia que vivimos. A todos nos conceda o seu perdón levándonos á vida eterna. Amén.*



Celebrante *Nunha cea de despedida, o Señor decidiu quedar connosco a través do seu corpo e do seu sangue, quixo que o lembráramos compartindo pan e viño arredor da mesa, por iso hoxe é un día especial, un día de festa que compartimos en fogar.*

Monitor/a

Dámosche grazas Xesús por todo isto,
dámosche grazas por ti mesmo,
que estás no medio de nós,
no teu pan e no teu viño,
animándonos coa túa presenza.

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Presentamos a Deus as nosas preocupacións e desexos para que nos axude a camiñar sendo testemuñas da vida alí onde a morte parece vencer: lembrámonos dos refuxiados, lembramos as familias que malviven na violencia dos abusos, e lembramos tamén a todas as persoas necesitadas de pan.*

Temos moi presentes as vítimas do coronavirus e aos seus familiares que sofren con demasiados medos e poucas seguridades.

(silenzo)



Deus, noso Pai, hoxe celebramos a santa cea na que o teu Fillo único, antes de morrer de nosos o banquete do seu compartir e benquerer.

Fai que pola participación en tan grande misterio recibamos a plenitude do amor, sabendo agradecerche a vida de cantos comparten mesa e pan á nosa beira.

Pedímoscho por Xesús, teu Fillo e Irmán noso, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

LECTURA DA CARTA AOS CORINTIOS

Irmáns, eu recibín do Señor, e transmitinvos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar grazas, partiuno e dixo:

—«**Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en memoria miña.**»

Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo:

—«**Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que a bebedes, facédeo en memoria miña.**»

Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes esta copa, anunciades a morte do Señor, ata que El volva.

Palabra do Señor

(se se quere pode cantarse)

CANTO 🎵 *O pouco que Deus nos dá* **SALMO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Mentres Xesús compartía a cea, cos seus mellores amigos, díxolles:

Como me amou o Pai, así vos amei eu; permanecede no meu amor. Dígovos estas cousas para que a miña alegría estea en vós e a vosa alegría sexa plena.

Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros coma eu vos amei.

Ninguén ten amor máis grande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. E vós sodes amigos meus se facedes o que vos mando.

Xa non vos chamo servos, a vós trateivos de amigos, pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer.

Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón



(en pé)

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Coma seguidores de Cristo, imos pedirlle ao Pai forza para construír a igrexa do fogar e do mundo, en irmandade, tal como quixo e fixo Xesús, e facémolo dicindo:

ÉNCHENOS, SEÑOR, DO TEU AMOR

Monitor/a

- ✓ Deus Pai, queremos unha igrexa que sexa fogar de amor e xustiza, para que todos os refuxiados poidan manter a esperanza dun mundo máis acoledor. Oremos.
- ✓ Queremos formar unhas parroquias sensibles e atentas. Non caemos os sufrimentos dos máis necesitados. Oremos.
- ✓ Seguindo o camiño do fogar queremos unha igrexa na que todos sexamos un, na que todos nos sintamos acollidos e as responsabilidades sexan compartidas. Oremos.
- ✓ Polos sacerdotes, seminaristas, e por todas as persoas que dan unha man no facer da igrexa, para que sempre se sentan na tarefa de facer crible o camiño do evanxeo de Xesús de Nazaret. Oremos
- ✓ Polas persoas afectadas polo virus, para que reciban os coidados sanitarios necesarios para superar a enfermidade. Oremos

✓ Hoxe, tamén é o día da caridade fraterna, recordamos aos profesionais da sanidade, para que non decaian no seu esforzo e saiban mostrar esperanza e amor aos que teñen ao seu coidado. Oremos.

Celebrante Deus noso Pai, Ti coñécesnos por dentro e sabes o que aniña no noso corazón, acolle nesta tarde o que sinceramente che pedimos, e acóllenos un día na túa mesa. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

MONICIÓN ÁS OFRENDAS DAS MANS

Monitor/a

Xunto co pan e co viño, queremos poñer na nosa mesa unhas mans. Nelas escribimos o noso nome, postas enriba da mesa dinnos o importante que é para todos ter alguén con quen compartir.

Agora escribimos nesas mesmas mans o nome dalgunha persoa que sabemos que está vivindo soa. Queremos que nas súas soidades sintan a nosa cercanía.

Agora escribimos nesas mesmas mans lembrando a todas as persoas que nestes días sentimos están facendo ben, e facendo tanto ben. Escribimos palabras como:

médicos, enfermeiros, farmacias, persoal de limpeza, bombeiros, coidadores de maiores, supermercados e tendas, transportistas, repartidores, forzas de seguridade, ambulancias, ...

Finalmente, polo outro lado da man, escribimos **refuxiados, pobres e famentos, violencia, e abusos.** Queremos vivir a fe á beira de todas estas persoas.

(deixamos as mans sobre a mesa)

ORACIÓN DAS OFRENDAS

Celebrante:

Señor, Ti concédesnos participar dignamente arredor desta mesa. Nós facemos memoria da VIDA do teu fillo Xesús, e Ti vas realizando a obra da nosa redención. Por Cristo noso Señor. Amén.



NOSO PAI

Celebrante: *Fiándonos de Xesús compartimos arredor desta mesa, fiándonos del comprometémonos a ser testemuñas cribles do amor, e poñemos as nosas vidas nas mans de Deus Pai rezándolle NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Neste día, Xesús danos un mandato novo "amádevos uns aos outros como eu vos amei".*

Hoxe a paz ten que significar o esforzo por amar, acoller e comprender a todas as persoas, aínda que pensen, vivan ou crean diferente.

Os nosos desexos de paz para todos mostrámolos agora recordando a aqueles veciños que participan outras veces á nosa beira na misa. (Podemos dicir tamén en alto recordando ás persoas que noutros momentos comparten esta nosa mesa de hoxe, e que nestes días botámolos de menos).

NON COMULGAMOS

PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: *Celebrar a fe leva a comprometer a vida en acompañar a Xesús no camiño da súa paixón e a súa cruz para compartir con El a Resurrección. A Cea de Xesús nos axuda a construír un mundo que quere amar e facer ben aos demais para superar todo aquilo que separa e divide.*

Ditosos nós que en fogar celebramos a nosa fe.

4.- ORACIÓN FINAL, AVISOS E DESPEDIDA

Celebrante


Deus Noso Pai, Ti, que nesta vida aliméntanos coa cea do teu Fillo, concédenos ter sempre un corazón agradecido con todos os parentes, amigos e veciños cos que gozosos compartimos moitas veces as mesas das nosas casas.

Concédenos tamén participar na plenitude do banquete da vida eterna. Por Cristo noso Señor.

Coma Xesús arredor da mesa, queremos dar vida no noso fogar, na nosa comunidade, no noso rural, nas nosas xentes, aínda que nos parezan poucas e maiores.

Con Xesús queremos dar grazas ás persoas que se sacrifican polos demais, na hora da enfermidade, no tempo da soidade e na frustración da morte.

Con Xesús queremos achegarnos á vida dos que malviven a traxedia dos refuxiados, das que sofren violencia de xénero, dos que se senten mortos e enterrados baixo os abusos, as miserias ou as fames.



ORACIÓN REPOUSADA

Xesús, non téns mans,

tés só as nosas mans para construír
un mundo onde haxa xustiza.

Xesús, non téns pés,

tés só os nosos pés para por en marcha
a liberdade e o amor.

Xesús, non téns labios,

tés só a nosa boca para anunciar polo mundo
a boa noticia dos pobres.

Xesús, non téns medios,

tés só o noso obrar para lograr
que todas as persoas sexan irmáns.

Xesús, nós, somos o teu evanxeo,

o único que as persoas poden ler,
se as nosas vidas son obras e palabras túas.

Xesús, danos a túa forza

para facer medrar os nosos dons
e facer ben todas as cousas.

*Que teñamos unha boa noite tendo á nosa beira
a presenza do Señor e dos irmáns. Amén.*

